

ACTA Nº 20/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 27 DE ABRIL DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 27 de abril de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 19/09, do 20/04 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 80/09 – D. CARLOS CHAPELA SOTELO presenta estudo técnico para substitución de tella en cuberta de vivenda unifamiliar, sita no Lg. da Borna, núm. 328 A, do barrio do Latón – Meira, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 21.04.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 24 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación en cuberta definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outorgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto centranse na restauración parcial dunha obra fóra de ordenación na cal non está prevista a expropiación ou demolición nun espazo de quince anos, obras sin incremento do valor de expropiación nin mais consolidación que o reforzo parcial cando as obras non estan afectadas por sistemas xerais, se posicionen en solos urbanos non consolidados ou urbanizables inmediatos. Co obrigado mantemento do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saude

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	185,72 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.B) EXPTE. 24/09 – D. ANTONIO PARENTE GESTIDO presenta proxecto de reparación e conservación de vivenda unifamiliar, sita no barrio da Torre, núm. 82, Meira-Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado na data 30 de xaneiro 2009, co obxecto de legalizar o exped. Nº 51/07 de reposición da legalidade urbanística. Superficie total 187,65 m²; orzamento das obras 7.816,84 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 23 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: REPARACION E CONSERVACIÓN DE UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de reparación e conservación de vivenda definidas en proxecto.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Cultura e Deportes

A presente licenza outorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na restauración parcial dunha obra fora de ordenación na cal non está prevista a expropiación ou demolición nun espazo de quince anos, obras sin incremento do valor de expropiación nin mais consolidación que o reforzo parcial cando as obras non están afectadas por sistemas xerais, se posicionen en solos urbanos non consolidados ou urbanizables inmediatos. Co obrigado mantemento do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións 218,87 €
Taxas licenza urbanística.....65,00 €
Cartel de obra.....110,00 €

2.C) EXPTE. 171/08 – D. ANTONIO CHAPELA CASAL presenta proxecto básico e execución para conservación de cuberta en baixo existente, situado na Baixada do Cocho, núm. 214 do barrio da Guía-Meira-Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 19.05.2008.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 23 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE CUBERTA (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Cultura e Deportes cuxos condicionados están obrigados.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais así como do uso preexistente sen incremento de volumen.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións 238,20 €
Taxas licenza urbanística.....65,00 €
Cartel de obra.....110,00 €

2.D) EXPTE.- 77/09 – COMUNIDADE DE VECIÑOS EDIFICIO PENA BASTOS presentan estudo técnico para revestimento exterior de fachadas e pintado de patios de luces dun edificio de vivendas, sita na Avda. Ramón Cabanillas, nº 3, “Edif. Pena

Bastos”, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado na data 21-04-09; sup. Construída 506,32 m²; orzamento das obras 13.358,24 euros.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 24 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TECNICO PARA REVESTIMENTO DE FACHADAS E PINTADO DE PATIOS DE LUCES.

INFORME: **Procede licenza de acordo coas especificacións da documentación presentada.**

Non require informes sectoriais por ser a fachada tanxencial co dominio público marítimo-terrestre.

No expediente consta o Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	374,03 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.E) EXPTE. 55/09 – COMUNIDADE DE VECIÑOS FRAGATA VILLA MADRID – PORTAL CENTRO, N° 20N presenta estudo técnico para saneamento de fachadas do edificio existente na rúa Fragata Villa de madrid-Portal Centro, nº 20 do barrio do Real, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo estudo de arquitectura e Urbanismo Morrazo S.L.P. Arquitecto técnico, D. Cristóbal Juncal Ríos, visado na data 31.03.2009.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 22 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: SANEAMENTO DE FACHADAS

INFORME: **Procede licenza**

Non require informes sectoriais

No expediente consta o Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	44,22 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.F) EXPTE. 76/09 – D. JOSÉ ACEVEDO RIOBÓ presenta proxecto de muro de contención de terras 34,71 ml de lonxitude; altura 2,00 ml; superf. 69,42 m²; a situar no

barrio da Costa-Domaio, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado o 21 de abril de 2009. Orzamento das obras: 6.324,55 euros.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 24 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS

INFORME: **Procede licenza de acordo co especificado no proxecto presentado**

Altura máxima do muro apartir da rasante do terreo será de 2,00 metros.

Balaustre aos efectos de minimizar o risco de utilización que determina as Normas do Habitat Galego.

No expediente consta o Estudo básico de seguridade e saude.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	58,41 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

2.G) EXPTE. 281/04 – FUXONTIR, S.L. presenta proxecto reformado visado con data de 26 de febreiro de 2009, redactado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas, por modificacións da vivenda 1 da licenza municipal de obra para a construción de 3 vivendas unifamiiares no Barrio de Casal, s/n, expte. 281/04, de data 31.01.2005.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 22 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: REFORMADO DE BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE TRÉS VIVENDAS. VIVENDA1

INFORME: **Procede licenza proxecto reformado.**

Reformado de proxecto básico e de execución visado polo COAG con data de 26 de febreiro do 2009. Modifícase a vivenda 1 do proxecto cuxa licenza foi outorgada pola Comisión Municipal de Goberno de 30 de xaneiro de 2005.

No expediente consta certificación técnica do inicio da obra antes do seis meses da notificación da licenza inicial.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións/ modificado.....	587,69 €
Taxas licenza urbanística.....	73,46 €

2.H) EXPTE. 71/08 – D.ª ESTRELLA ÁLVAREZ CRUZ presenta modificado de proxecto básico e de execución de reforma y ampliación de vivenda unifamiliar en Tirán 39 – Igrexario, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo S.L.P., visado o 8 de abril de 2009, para incorporar ao expediente 71/2008

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: MODIFICADO DE BÁSICO E PROXECTO DE EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

INFORME TÉCNICO: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 24 de marzo do 2008 para solo urbano de Ordenanza 1.

Require informes sectoriais

No expediente consta informe favorable da Consellería de Cultura e Deportes no cal se considera que os muros perimetrais de peche da vivenda son parte integrante do conxunto, polo que deberán conservarse.

O proxecto inicial vense modificado polo visado polo COAG con data de 08/04/2009 o cal se lle otorga a licenza.

Se cede 7,45M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Se constitúe fianza por un importe 149,00 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie da parcela según medición técnica será de 230,00 M/2..

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licencia se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestructuras correspondentes levaranse a cabo obtendo a licencia de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licencia aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	1.528,95 €
Taxas licenza urbanística.....	136,51 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.- PROPOSTA DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo

da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
ALCALDÍA	DIRECCIÓN DE OBRA INSTALACIÓN CÉSPEDE ARTIFICIAL CAMPOS DE FÚTBOL 7	DASS ARQUITECTURA, S.L.P.	4520-22706 RC 659	6.090,00€
ALCALDÍA	DIRECCIÓN DE OBRA INSTALACIÓN CÉSPEDE ARTIFICIAL CAMPO DE FÚTBOL DO CASAL	DASS ARQUITECTURA, S.L.P.	4520-22706 RC 660	6.786,00 €
ALCALDÍA	DIRECCIÓN DE OBRA INSTALACIÓN REFORMA PAVILLÓN O ROSAL	DASS ARQUITECTURA, S.L.P.	4520-22706 RC 658	2.900,00 €
SERVIZOS SOCIAIS	ARRANXO CARTEL LUDOTECA MUNICIPAL	BOCA A BOCA DISEÑO Y COMUNICACIÓN, S.L.	3130 21200 RC 656	464,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcadía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

4.- GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS POLICÍA LOCAL

Vistos os informes do sarxento-xefe da Policía Local do Concello de Moaña de datas recollidas na taboa que se achega, na cal se reflicten as horas extraordinarias realizadas polos policía locais, o día e o motivo que as xustificou, e o seu importe:

POLICÍA	DATA	SERVIZO REALIZADO	DATA INFORME	AUTORIZ.	Diurna		Nocturnas		Festivas		IMPORTE
GARCÍA FERNÁNDEZ, MANUEL	28/02/09	Custodia detido	01.03.09				2	16,66			33,32 €
GARCÍA FERNÁNDEZ, MANUEL	16/04/09	Custodia detido	17.04.09				1	16,66			16,66 €
GÓMEZ SILVA, MANUEL	14/03/09	Reforzo do servizo	14.03.09		6	13,33					79,98 €

GÓMEZ SILVA, MANUEL	27/03/09	Seguridade pleno extraord.	27.03.09			3	13,33						39,99 €
GOMEZ SILVA, MANUEL	10/04/09	Custodia dun detido	11.04.09					3	16,66				49,98 €
CURRAS TRIGO, MANUEL EUGENIO	28/02/09	Enterro da xoubiña	28.02.09	R.A. 120/09						3	19,99		59,97 €
CURRAS TRIGO, MANUEL EUGENIO	14.03.09	Reforzo do servizo	14.03.09			6	13,33						79,98 €
CRUZ PENA, JAVIER	01.03.09	Enterro da sardiña	01.03.09	R.A. 113/09						6	19,99		119,94 €
CRUZ PENA, JAVIER	11.04.09	Servizo mercadiño	11.04.09	R.A. 181/09						6	19,99		119,94 €
CASAS CURRO, LOIS ALBERTE	04.04.09	Seguridade pleno extraordinario	05.04.09	R.A. 177/09						5	19,99		99,95 €
CASAS CURRO, JULIO CÉSAR	01.03.09	Enterro da sardiña	01.03.09	R.A. 113/09						6	19,99		119,94 €
CASAS CURRO, JULIO CÉSAR	11.04.09	Servizo mercadiño	11.04.09	R.A. 181/09						5	19,99		99,95 €
BOUBETA VILLAVERDE, FERNANDO	16.04.09	Custodia dun detido	17.04.09					1	16,66				16,66 €
BLANCO PORTELA, FRANCISCO J.	19.04.09	Control de alcolemia	20.04.09							2	19,99		39,98 €
ACEVEDO SANTOMÉ, JAVIER	04.04.09	Seguridade pleno extraordinario	06.04.09	R.A. 177/09						5	19,99		99,95 €
ACEVEDO SANTOME, JAVIER	10.04.09	Procesión San Martiño	11.04.09	R.A. 181/09						3	19,99		59,97 €
ACEVEDO SANTOMÉ, JAVIER	16.04.09	Custodia dun detido	17.04.09					1	16,66				16,66 €
NOGUEIRA PÉREZ, MIGUEL	28.02.09	Custodia detido	01.03.09					1	16,66				16,66 €
VARELA BRAÑAS, LUIS	28.02.09	Custodia detido	01.03.09					2	16,66				33,32 €
PÉREZ SANTIAGO, JOSE MANUEL	01.03.09	Enterro sardiña	01.03.09	R.A. 113/09						6	19,99		119,94 €
PÉREZ SANTIAGO, JOSE MANUEL	27.03.09	Seguridade pleno extraordinario	27.03.09			3	13,33						39,99 €
PÉREZ SANTIAGO, JOSE MANUEL	10.04.09	Procesión de San Martiño	07.04.09							3	19,99		59,97 €

PÉREZ CARRERA, BENITO	01.03. 09	Enterro da sardiña	01.03.0 9	R.A. 113/09					6	19,99	119,94 €
PÉREZ CARRERA, BENITO	03.04. 09	Procesión das Dores	04.04. 09		3	13, 33					39,99 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as gratificacións extraordinarias á Policía Local recollidas na táboa, por un importe total de **1582,63 €**, con cargo á partida orzamentaria 2220 15101.

5.- RECOÑECIMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS DE PERSOAL LABORAL DA POLICÍA LOCAL

Vistos os informes do sarxento-xefe da Policía Local do Concello de Moaña, de datas 27 de febreiro, 1 de marzo e 20 de abril de 2009, onde se reflicten as horas extraordinarias realizadas polo persoal laboral do seu departamento, o día e os motivos que as xustificaron,

CABEIRO DOPICO, ÁNGELES

DATA	SERVIZO REALIZADO	AUTORIZADO	Diurna	Nocturnas	Festivas	IMPORTE
01/03/09	Reforzo turno de mañán	R.A. 120/09			6	19,60 117,60 €

ABLANEDO ALBERDI, JAVIER

DATA	SERVIZO REALIZADO	AUTORIZADO	Diurna	Nocturnas	Festivas	IMPORTE
19/04/09	Control de alcolemia				2	16,74 33,48 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dadas as horas extraordinarias realizadas por D.^a Ángeles Cabeiro Dopico, imputar o gasto de 117,60 € á partida 4510.151.01,

Segundo: Dadas horas extraordinarias realizadas por D. Javier Ablanedo Alberdi, imputar o gasto de 33,48 € á partida 2220.151.01,

Terceiro: Trasladar o acordo ao departamento de persoal e intervención.

6.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE.

D. Carlos Loureiro Ferverza, funcionario do Concello, solicita un anticipo reintegrable.

Visto o informe do Departamento de Pesoal no que recolle que o funcionario non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago.

Visto que o comité de persoal dá o seu visto e praxe á solicitude.

Visto informe favorable o interventor do 27 de abril de 2009, por ser tramitación conforme coa normativa de aplicación polo que lle corresponde a cantidade de 1.646,39 euros

Vista a proposta do delegado de persoal par a aprobación da concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D. CARLOS LOUREIRO FERVENZA, o anticipo de 1.646,39 euros, reintegrables en 14 mensualidades.

7.- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

7.A) Visto o informe do 27 de marzo de 2009 da traballadora social do Concello sobre variacións no servizo de axuda no fogar, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dar de alta no SAF a D. Jaime Rivas Santomé, a partir do día 1 de maio, durante tres meses, 7,5 h/semana, sen aportación económica ningunha.

Segundo: Notificarlle o acordo ao departamento de Recadación.

7.B) Visto o informe do 27 de abril de 2009 da traballadora social do Concello sobre modificación no servizo de axuda no fogar con cargo á Lei de dependencia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dar de alta no SAF, a partir do 1 de maio de 2009, a:

- D.^a María Regueira Ríos: 20 h/mes, cunha aportación da interesada de 24 €/mes.
- D.^a Carmen Lorenzo Rodríguez: 20 h/mes, cunha aportación da interesada de 20 €/mes.

Segundo: Notificarlle o acordo ao departamento de Recadación.

8.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA (MOAÑA)”

En data 6 de abril de 2009, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)” á empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., polo prezo de CATROCENTOS NOVENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS SETENTA E SETE EUROS E NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (499.977,99 euros). (431.032,75 euros + 68.965,24 euros de IVE), un prazo de execución de 6 meses, as melloras recollidas na oferta por importe de 56.002,83 euros, IVE incluído, adscripción de traballadores á obra: 21 traballadores,

contratación de novo persoal: 7 traballadores, con contratos de seis meses de duración e un prazo de garantía de 60 meses.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de 5 días seguintes á notificación, presentase documento que acreditase ter constituído a garantía definitiva por importe de 21.551,64 euros. e no prazo de 5 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, no caso de que non a presentase con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 13 de abril de 2009.

En data de 20 de abril de 2009, o adxudicatario provisoria presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 21.551,64 euros, como acredita mediante carta de pago nº 184 de 20 de abril de 2009. Asemesmo presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e Seguridade Social, recibo de pago do IAE e contratos de traballo dos traballadores de nova contratación.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)” á empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., polo prezo de CATROCENTOS NOVENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS SETENTA E SETE EUROS E NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (499.977,99 euros). (431.032,75 euros + 68.965,24 euros de IVE), un prazo de execución de 6 meses, as melloras recollidas na oferta por importe de 56.002,83 euros, IVE incluído, adscripción de traballadores á obra: 21 traballadores, contratación de novo persoal: 7 traballadores, con contratos de seis meses de duración e un prazo de garantía de 60 meses.

SEGUNDO.- Requirit do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto, previo pago de gastos de anuncios e aportación da documentación acreditativa de adscripción de medios comprometidos á execución do contrato.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto D. Juan Fernández Rivas.

CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.

9.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REURBANIZACIÓN DA RÚA AS BARXAS (MOAÑA)”

En data 23 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Reurbanización da Rúa As Barxas (Moaña)” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS polo prezo de TRESCIENTOS DEZASETE MIL CINCOCENTOS VINTECINCO EUROS E VINTECINCO CÉNTIMOS (317.525,25 euros), (273.728,66 euros + 43.796,59 euros de IVE), un prazo de execución de 5 meses, as melloras recollidas na

oferta por importe de 49.013,23 euros, sen IVE, adscripción de traballadores á obra: 18 traballadores, contratación de novo persoal: 8 traballadores, con contratos de cinco meses de duración, e un prazo de garantía de 60 meses.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de 5 días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 13.686,43 euros. e no prazo de 5 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, no caso de que non a presentase con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 2 de abril de 2009.

En data de 22 de abril de 2009, o adxudicatario provisorio presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 13.686,43 euros, como acredita mediante carta de pago nº 227 de 22 de abril de 2009. Asemesmo presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e Seguridade Social, recibo de pago do IAE, compromisos de medios persoais e materiais adscritos á obra, entre o que se inclúen dez traballadores do persoal de plantilla da empresa e oito de nova contratación. (Posteriormente presenta contratos de traballo dos traballadores de nova contratación.)

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Reurbanización da Rúa As Barxas (Moaña)” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS polo prezo de TRESCIENTOS DEZASETE MIL CINCOCENTOS VINTECINCO EUROS E VINTECINCO CÉNTIMOS (317.525,25 euros), (273.728,66 euros + 43.796,59 euros de IVE), un prazo de execución de 5 meses, as melloras recollidas na oferta por importe de 49.013,23 euros, sen IVE, adscripción de traballadores á obra: 18 traballadores, contratación de novo persoal: 8 traballadores, con contratos de cinco meses de duración, e un prazo de garantía de 60 meses.

SEGUNDO.- Requiritir do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto, previo pago de gastos de anuncios e aportación da documentación acreditativa de adscripción de medios comprometidos á execución do contrato.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto técnico municipal, D. Xosé Manuel Carballo Moldes.

CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.

10.- INSTALACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS MEDIANTE FILTRO MACROFITAS NO BEQUE

Vista a proposta de resolución da Subdirección Xeral de Dominio Público Hidráulico en relación co solicitude de autorización de vertido de augas residuais asimilables a

urbanas depuradas ao reho dos Ladróns-Afluente do Río da Fraga (Cunca da Ría de Vigo) procedentes das instalacións do Centro Socioeducativo-Deportivo de O Beque sitas no núcleo de A Fraga-Parroquia Vila do Carme (T.M. Moaña) e de obras en zona de policía do mesmo rego.

Visto o Proxecto de Depuración de Augas Residuais Sistema DCD FMF encargado polo Concello en virtude do anterior, Proxecto redactado polos Enxeñeiros Técnicos Forestais Dna. Irene Rodríguez Quintá e D. Javier Santiago Díaz, que conta cun orzamento de execución por contrata de 26.968,24 euros.

Visto o Orzamento remitido pola Empresa INTAPYR S.L. para a execución da citada obra por importe de de 26.968,24 euros, IVE incluído.

Visto o disposto no artigo 122.3 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público en relación co artigo 95 do mesmo texto legal, sobre a adxudicación de contratos menores por razón da súa contía.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto de Depuración de Augas Residuais Sistema DCD FMF encargado polo Concello en virtude do anterior, Proxecto redactado polos Enxeñeiros Técnicos Forestais Dna. Irene Rodríguez Quintá e D. Javier Santiago Díaz, que conta cun orzamento de execución por contrata de 26.968,24 euros.

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato menor desta obra á empresa INTAPYR S.L. por un importe total de 26.968,24 euros, IVE incluído, conforme ao Orzamento presentado por esta empresa.

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida de Gastos do Orzamento Municipal 4520.62204 por importe de 26.968,24 euros.

CUARTO.- Que se notifique ao contratista que nos 30 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

11.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN CON CARGO AO PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL, SECCIÓN ACTIVIDADES 2009.

Vistas as bases reguladoras do Programa de Acción Municipal, sección actividades (PAM), da Deputación Provincial, para o exercicio 2009, publicadas no BOP nº 61 de data 31 de marzo de 2009, e, consideradas como interesantes en relación á XXV edición do Festival Intercéltico do Morrazo, esta Alcaldía estima oportuno solicitar unha subvención da Deputación Provincial por unha contía de 20.000 euros, segundo as especificacións de memoria e orzamentos que se achegan.

A Alcaldía-Presidencia solicita da Xunta de Goberno a aprobación da solicitude nos termos detallados e a posterior remisión á Deputación Provincial.

En virtude dos citados antecedentes, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda solicitar unha subvención da Deputación Provincial por unha contía de 20.000 euros con cargo ao Programa de Acción Municipal, sección actividades (PAM), da Deputación Provincial, para o exercicio 2009 segundo as especificacións de memoria e orzamentos que se achegan e remítela solicitude á Deputación Provincial.

12.- SOLICITUDE DE POSTO EN PRAZA DE ABASTOS.

Dna. Nieves Currás Pastoriza presentou no Concello, en data 24 de setembro de 2007 e 27 de febreiro de 2009, solicitude para a concesión dun posto de venda de pan de millo.

En data 30 de xaneiro de 2009, D. Luis Piñeiro Veiga presenta renuncia ao posto de venda de pan de millo que tiña concedido, renuncia aprobada por acordo da Xunta de Goberno por acordo de data 27 de febreiro de 2009.

En data 13 de marzo a Xunta de Goberno denegou a solicitude presentada por Dna. Nieves Currás Pastorizae cinco veciñas máis polos seguintes motivos:

- Que a prioridade do Departamento é recolocar e acondicionar os postos do peixe do día.
- Que o Concello ten previsto iniciar obras de reforma na parte superior da praza que contemplan nestes momentos a colocación de un ascensor o que probablemente obrigue á recolocación de algún dos postos.
- Que é intención do Goberno redactar un novo regulamento que contemple a necesaria publicidade e concorrencia na concesión dos postos.

Á vista das circunstancias que concorren no caso de Dna. Nieves Currás Pastoriza, e por motivos de emerxencia social.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

Autorizar en precario un posto na praza de municipal de abastos para a venda de pan de millo a Dna. Nieves Currás Pastoriza ata o 31 de decembro de 2009. O citado prazo terá carácter de improrrogable. A solicitante deberá presentar certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, quedando este acordo condicionado á cumprimentación deste requisito. Asemesmo quedará suxeito ao pago das taxas previstas na Ordenanza fiscal respectiva.

13.- MOBILIDADE

D.^a Sonia Román Valverde solicita, por escrito do 17 de abril de 2009, un espello para o caleixón onde está o taller Ogando na Pandiña porque non hai visibilidade no cruce e teñen un garaxe no caleixón.

Visto o informe favorable do xefe da Policía Local do 22 de abril de 2009, no que indica que na intersección de subida a Abelendo en fronte de talleres Ogando, na Pandiña, hai visibilidade reducida por causa da calzada estreita e os muros dos inmobles, e que no lugar é recomendable colocar o espello para facilitar a visibilidade dos condutores que se incorporan á estrada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a instalación do espello solicitado.

14.- VADOS

Con data 22 de xaneiro de 2009, D. GONZALO RIOBÓ COSTA, en representación de MADEIRAS CASQUEIRO, S.L., presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa Concepción Arenal, 7, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 90,00 euros (75 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do concello de Moaña do 26 de xaneiro de 2009, no que se indica que o portal ten un ancho de 4 metros e que sería necesario pintar unha liña amarela de 4 metros para garantir o acceso,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. GONZALO RIOBÓ COSTA en representación de MADEIRAS CASQUEIRO, S.L. cunha entrada de 4,00 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 90,00 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

15.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
SISTEMAS INFORMÁTICOS RÍAS BAIXAS, S.L.	Auga, uso comercial Saneamento, uso comerc.	As Barxas, 11	Conexión auga 60 € Fianza 20 € Conexión saneamento..... 180 €	Aqualia

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:10 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.